

Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Organización e Control de Obras de Construción.

A Consellaría presenta este título LOE, de 2000 horas, que substitúe o anterior LOXSE (1700 horas). Trátase dunha adaptación ao novo catálogo.

Propostas da CIG-Ensino

Preocúpanos unha cuestión recorrente en canto á **lingua**, a Consellaría parpétase na existencia dun Decreto de Plurilingüismo para non recoller propostas favorábeis ao noso idioma. A día de hoxe practicamente non hai nin materiais, nin publicacións en galego, o que hai é insignificante, o que provoca que o ensino dos módulos acabe por facerse en español. Por iso, unha vez máis, para que se garanta o ensino en galego hai que especificar que módulos se deben impartir en galego e elaborar os materiais necesarios. Debe fixarse que será en galego o 50% da carga horaria.

A Consellaría responde que hai en galego un 30% de materiais. A CIG-Ensino insiste en que é unha cantidade insuficiente e esa proporción non se dá en todas as familias profesionais, cómpre dotar estas ensinanzas dos materiais necesarios na nosa lingua.

Ráteos. Tamén reiteramos a nosa

demanda de que se reduzan as ráteos, 20 alumnos/as por aula sería o número axeitado, isto nos módulos teóricos, nos prácticos propoñemos a redución a 10 ou 15.

Que se inclúa un **obxectivo xeral que destaque o coñecemento do noso país.** En todos os ciclos debe recollerse este obxectivo xeral: “Coñecer e valorar as especificidades que se derivan do desenvolvemento da súa profesión na Galiza”.

Neste ciclo engadir un novo obxectivo: **“Recoñecer e valorar a tipoloxía da construción galega, ao logno do tempo e nas súas variantes”**

E como obxectivo xeral engadir tamén: **“Recoñecer e valorar a lingua e a cultura propias** para facer efectivo o dereito de todas as persoas a establecer relacións comerciais, culturais, sociais, etc. na nosa lingua”